

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación Socio Cultural ASCM

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022 do 15 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

Da outra, Dona **PAULA GÁRATE FORMOSO**, con DNI 32.665.401-L, en calidade de presidenta da Asociación Sociocultural ASCM (en diante ASCM), elixida para este cargo na asemblea do 23 de febreiro de 2018, con CIF G-15161573 e domicilio social na rúa San Roque e Ánimas, 18-19, 15403 Ferrol (A Coruña), e teléfono 981351430; inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2018-22127-1, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 23 de febreiro de 2018.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con discapacidade física.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira".

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos



necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que a Asociación Socio Cultural ASCM é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito local, situada na comarca de Ferrol constituída por iniciativa dun grupo de persoas sensibilizadas cos diversos tipos de discapacidade, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Traballar pola mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade en tódolos eidos da súa vida en xeral e no laboral en particular.
- b) Conseguir unha integración social “real” facendo extensivo este propósito a toda persoa con discapacidade; recoñecendo que o primeiro dereito de calquera persoa discapacitada é chegar a non selo.
- c) Apoiar ás familias para mellorar as súas condicións de vida e as dos seus familiares con discapacidade.
- d) Formar ás persoas con discapacidade física coa finalidade de promover a súa integración social e laboral.
- e) Implementar, planificar e programar todo aquilo que contribúa á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade física.
- f) Determinar a actividade da asociación, dentro dos seus fins, cara aqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

6. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á



diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con diversidade física e intelectual.

En consecuencia, a Consellería e a Asociación Socio Cultural ASCM acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e a Asociación Socio Cultural ASCM nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade física e intelectual.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con diversidade física e intelectual de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*



1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Asociación Socio Cultural ASCM nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con diversidade física e intelectual.

2. A Consellería e Asociación Socio Cultural ASCM colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con diversidade física e intelectual.

3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional da Asociación Socio Cultural ASCM nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado con diversidade física e intelectual.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Asociación Socio Cultural ASCM debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con diversidade física e intelectual escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con diversidade física e intelectual.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con diversidade física e intelectual.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con diversidade física e intelectual.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Asociación Socio Cultural ASCM nos centros docentes*



1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Asociación Socio Cultural ASCM e as familias do alumnado con diversidade física e intelectual, establecerán de mutuo acordo e por escrito, seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en diversidade física e intelectual en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Asociación Socio Cultural ASCM nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con diversidade física e intelectual; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia; ter regularizada a súa situación laboral con a Asociación Socio Cultural ASCM e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación Socio Cultural ASCM e a Xunta



de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Natureza e réxime xurídico



Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia



e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES,
O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL
ASCM,

A PRESIDENTA,

Paula Gárate Formoso

